

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 13 DE DECEMBRO DE 2007.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo.
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido
D. Edgar Antonio Vigo López.
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín.
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e cinco minutos do día trece de decembro de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D^a Rita María Couto Seijido, Don Edgar Antonio Vigo López, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora Municipal D^a Agueda Bello Valdés e actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

Interventora :

D^a Águeda Bello Valdés.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA EN DATA 30 DE OUTUBRO DE 2007.-

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada en data 30 de Outubro de 2007, previamente remitida coa convocatoria e non formulándose ningunha, pola presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria celebrada en data 30 de Outubro de 2007.

2º.- DACIÓN DE CONTA DE NOMEAMENTO COMO PERSOAL EVENTUAL DE DON XAIME MÉNDEZ RICO PARA DESEMPEÑAR O POSTO DE AUXILIAR DE APOIO AO GOBERNO MUNICIPAL.

Seguidamente, dáse conta do nomeamento como persoal eventual de Xaime Méndez Rico para desempeñar o posto de auxiliar de apoio ao Goberno Municipal efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 884/2007 de data 6 de Novembro de 2007.

3º.- MOCIÓN 25 DE NOVEMBRO DE 2007 “DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”.

Seguidamente dáse conta do ditame da comisión informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade adoptado en sesión ordinaria de data 29 de novembro de 2007, que transcrito di:

“ASUNTOS DE URXENCIA
(../...)”

Seguidamente dáse conta dfa moción da Concellera delegada da área de dinamización social, benestar e igualdade de data 25 de novembro de 2007 que, transcrita di:

“MOCIÓN 25 DE NOVEMBRO DE 2007

“DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”

O 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, é unha data para a denuncia, para a concienciación social, e para avaliar os avances que se teñan dado e anticipar novas liñas de actuación.

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero son pasos necesarios para loitar contra este fenómeno. A Lei Integral contra a Violencia de Xénero, aprobada nesta lexislatura polo Congreso dos Deputados, e máis a Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero son un instrumento para unha nova abordaxe da violencia de xénero no ámbito galego co fin de conseguir unha verdadeira realización do principio de igualdade entre mulleres e homes, porque un dos obxectivos prioritarios de toda sociedade democrática é a igualdade entre os homes e as mulleres e unha clara expresión da desigualdade é a violencia de xénero.

A sociedade galega non debería aceptar ningunha forma de violencia de xénero, e as institucións locais teñen que tomar consciencia e responsabilizarse na tarefa de eliminación da violencia exercida contra as mulleres. Tomar consciencia é un paso que hai que dar de modo colectivo, desde o mundo laboral, as institucións, os medios de comunicación, o ensino, etc., mas tamén é un paso que se debe dar de modo persoal e individual.

Para construír unha sociedade baseada nos valores democráticos de igualdade entre mulleres e homes, necesitamos de medidas lexislativas ou contributos desde as administracións públicas, mais aínda é necesario o compromiso social. Este compromiso social constrúese desde a solidariedade persoal á hora de condenar sen paliativos as accións de violencia contra as mulleres, de denuncialas e facer visíbeis as nosas denuncias.

Por iso o Concello de Fene desta volta quere chamar tamén á responsabilización e ao compromiso persoal de cadaquén. Os agresores non deben achar respaldo para continuar con “normalidade” a súa vida mentres as mulleres agredidas pasan auténticas dificultades para recuperar as súas vidas. Estas dificultades son moitas e teñen que ver co aspecto económico, laboral, familiar e social.

No momento en que vivimos, onde as mulleres seguen a ser obxecto de maos tratos e moitas perden a vida a mans da súa parella ou ex-parella, non cabe ollar para outro lado, debemos dar a cara todos e todas, e asumir homes e mulleres que coa violencia de xénero non caben medias tintas. Contra a violencia machista debemos actuar todos e todas. Todas e todos somos testemuñas, e podemos escoller entre ser cómplices ou ser persoas solidarias que non imos consentir co noso silencio que se lexitimen condutas violentas contra as mulleres que perpetúan concepcións machistas asentadas en valores patriarcais.

O papel que teñen os concellos nesta loita común é fundamental, xa que poden actuar como ponte de conexión entre as políticas deseñadas a nivel estatal polo Goberno de España e a nivel nacional polo Goberno Galego e a cidadanía, e poden constituírse nun modelo de repulsa para todos os veciños e veciñas dos actos de violencia contra as mulleres, manifestando a súa total condena e proclamando a súa corresponsabilidade na prevención, persecución e denuncia dos casos de violencia machista, así como a atención ás mulleres en situación de violencia de xénero.

As cifras de denuncias e de mulleres asasinadas que se repiten ano tras ano, poñen de manifesto dunha maneira brutal, que aínda non podemos baixar a garda, e que se fai imprescindible a implicación de todas as institucións, asociacións e persoas. Sabemos que nos enfrontamos a un problema estrutural, pero este feito non pode converterse nunha escusa para non actuar.

Cómpre pois unha implicación real de todas as administracións no desenvolvemento de actuacións encamiñadas a previr e paliar esta situación. Unha das medidas fundamentais é apoiar as mulleres para que poidan iniciar unha nova vida en liberdade e protexidas dos agresores.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

Comprométerse a crear un fondo de emerxencia, contemplando no orzamento unha partida específica para tal fin, que sirva para atender os casos de mulleres en situación de violencia de xénero do concello que de maneira urxente necesiten recursos. “

Aberto o debate pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que se trata da moción que presentaron á Comisión Informativa de Dinamización Social que foi dictaminada favorablemente por todos os grupos políticos presentes na Comisión.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o seu grupo ía presentar por vía de urxencia unha moción; que ambas son moi parecidas pero cre moi necesario adiciona-la que se presenta no sentido de que é tan importante que se creen xulgados contra a violencia de xénero, polo menos nas sete grandes cidades de Galicia, polo que adicionaría a moción o seguinte:

Instar á Xunta de Galicia a que:

- solicite do Estado o incremento do número de xulgados de violencia sobre a muller en Galicia.
- Elabore un Plan Integral de Sensibilización, Prevención e Tratamento da Violencia de Xénero que teña en conta os concellos a tódolos niveis.
- Estimule a Coordinación e apoio entre as distintas institucións, Xunta de Galicia, Deputación Provincial, e Concello.
- Cree un centro de acollida e pisos ponte para as vítimas de violencia de xénero e das persoas o seu cargo na comarca de Fene como resposta inmediata ante situacións de agresión.
- Dote de un fondo de emerxencia o Concello de Fene, a fin de que sirva para atender os casos de mulleres en situación de violencia de xénero que necesiten de recursos con urxencia.”

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que está de acordo co que di o voceiro do PP; que o dez de decembro aprobouse polo parlamento que se inste á Xunta parte do proposto do Sr. Galego Feal e que sabe que está instada á Xunta; que no referente á sensibilización, hai colaboración total na Xunta de Galicia e que poden aprobar o que está dictaminado na Comisión e logo falalo nunha reunión da Comisión Informativa.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que no tema dos xulgados insistiría porque para eles é importante.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que entende que a proposta do grupo municipal do PP sexa debatido en Comisión.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que votou a favor da moción na Comisión e o que manifesta o voceiro do PP tamén o ve ben.

Rematado o debate, pola presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 29 de novembro de 2007, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 29 de novembro de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4º.- PROPOSTA SOBRE DESIGNACIÓN POLA COMISIÓN DE PATRIMONIO HISTÓRICO ESPAÑOL DA TORRE DE HÉRCULES COMO CANDIDATA PARA SER INCLUÍDA NA LISTA DE BENS DO PATRIMONIO CULTURAL.-

A continuación dase conta do ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 26 de novembro de 2007 que, transcrito di:

“ ASUNTOS DE URXENCIA

(.../...)

Seguidamente dáse conta da moción de data 26 de novembro de 2007 que, transcrita di:

“Con motivo da **CANDIDATURA DA TORRE DE HÉRCULES A PATRIMONIO DA HUMANIDADE** e a petición da Corporación Municipal da Coruña, os Grupos Municipais do PSdeG-PSOE, BNG, PP e EU-IU, que representan á totalidade da Corporación Municipal de Fene, ó abeiro do disposto na normativa vixente, presentan para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Torre de Hércules, o único faro romano que segue en funcionamento no mundo, é un sinal de identidade, non só da cidade da Coruña, senón de toda a Provincia e de Galicia.

Os méritos arquitectónicos, históricos e medioambientais do monumento e o seu entorno foron recoñecidos pola Comisión do Patrimonio Histórico, que recentemente decidiu

que fose o representante de España na lista indicativa de Bens do Patrimonio Mundial no ano 2008.

É de interese para o noso concello que se lle outorgue á Torre de Hércules esa consideración, polo que tal recoñecemento vai supor para o desenvolvemento do turismo cultural cara á nosa provincia.

Exactamente o mesmo podemos dicir do “Ferrol da Ilustración”, candidatura a Patrimonio da Humanidade impulsada polo Concello de Ferrol, que nesta ocasión non foi seleccionada para representar a España na lista indicativa de Bens do Patrimonio Mundial.

O Arsenal militar e os castelos da ría de Ferrol son os elementos máis representativos entre as construcións navais do XVIII. O seu valor susténtase en dúas ideas básicas, utilidade e ciencia, presentes en todas as obras da Ilustración ferrolá.

Os proxectos foron deseñados conxuntamente atendendo a un criterio racional. Trazouse non só un conxunto defensivo, senón unha cidade completa. Ferrol pasou de ter 200 habitantes e ser unha vila mariñeira a converterse na base da Mariña de Guerra máis importante de Europa. O proxecto abarcou case toda a ría, cun eixe operativo de 12 quilómetros e as principais obras realizáronse cunha marxe de corenta anos (1739-1779). Paralelamente, os mesmos enxeñeiros que trazaron as instalacións militares deseñaron os barrios da cidade. O Arsenal Militar, declarado Ben de Interese Cultural no 1994, conserva gran parte das construcións orixinais, complementadas por outras posteriores.

Os castelos da Ría conforman un conxunto ben definido de fortificacións costeiras. Aínda que foron construídos antes do Arsenal, as súas obras principais e a súa concepción defensiva datan da mesma época.

Así as cousas, a Corporación Municipal de Fene, consciente tamén da importancia que tería para Ferrolterra a designación do Ferrol da Ilustración como Patrimonio da Humanidade, seguirá a traballar e a apoiar tódolos esforzos doutras administracións e da sociedade da comarca, para conquistar esta meta en futuras ocasións; do mesmo xeito que o fai agora coa Torre de Hércules.

É por elo que se propón ó Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- 1.** Mostrar a satisfacción da Corporación pola designación, pola Comisión do Patrimonio Histórico Español, da Torre de Hércules como candidata para ser incluída na Lista de Bens do Patrimonio Mundial.
- 2.** Apoiar a candidatura da Torre de Hércules ante o centro do Patrimonio Mundial da UNESCO, tendo en conta os valores históricos e artísticos do monumento, e o seu significado como un dos máis relevantes e representativos da provincia da Coruña.
- 3.** Trasladar este acordo ó Concello da Coruña para que o inclúa no expediente de apoio á candidatura.”

Non producíndose intervencións, e sometido o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acorda por unanimidade dos Sres/as

Concelleiros/as asistentes á sesión dictaminar favorablemente a moción que devén en dictame nos termos anteriormente transcritos.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que o Concello de A Coruña instou o apoio para a declaración como patrimonio histórico da Torre de Hércules e cre que é interesante sumarse e así plantexouse na comisión e acordouse aprobala favorablemente.

Rematado o debate, pola presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 26 de novembro de 2007, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 26 de novembro de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5º.- DACCIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 956/2007, DE DATA 28 DE NOVIEMBRE DE 2007.-

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 956/2007 de data 28 de Novembro de 2007 que transcrita di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 956/2007

Resultando que por Resolución desta Alcaldía-Presidencia núm. 664/2007, de data 9 de xullo de 2007 acordouse delegar na Xunta de goberno local atribucións asignadas a esta Alcaldía pola lexislación vixente.

En uso das facultades conferidas polos artigos 21 a 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e 43 e 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar o punto 13 do apartado primeiro da Resolución desta Alcaldía núm. 664/2007 de data 9 de xullo de 2007, quedando redactado do seguinte xeito:

13.- Autorizar e dispoñer gastos cando o seu importe supere os 12.000 euros, recoñecer todas as obrigas e a aprobación de todas as facturas dentro dos límites que competan ó Alcalde, agás as relativas a anuncios en prensa, anuncios en Boletíns e Diarios oficiais, nóminas de persoal, seguros sociais, intereses, amortizacións, comisións e outros gastos financeiros derivados da débeda municipal.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ó Pleno do Concello e á Xunta de Goberno Local e publicar o mesmo no Boletín oficial da Provincia, producindo efectos desde o día da data da presente Resolución.”

A continuación intervéñ o Sr. Alcalde e manifesta que se rescata unha das delegacións para autorizar gastos de ata doce mil euros; que o goberno municipal puxo en marcha un control de gastos e o mesmo estaba en contradicción con esta delegación na Xunta de Goberno Local porque tal e como estaba formulada, todas as autorizacións de gastos terían que ir á

Xunta de Goberno Local, co que se faría inútil o procedemento de autorización do gasto. Di que con isto lograrse que os gastos de ata doce mil euros sexan máis áxiles.

6º.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA MESA DE NEGOCIACIÓN E NA COMISIÓN NEGOCIADORA E SECRETARIO/A PARA AS MESMAS.-

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade adoptado en sesión de data 10 de decembro de 2007 que transcrito di:

“DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA MESA DE NEGOCIACIÓN E NA COMISIÓN NEGOCIADORA E SECRETARIO/A PARA AS MESMAS.-

Seguidamente dáse conta da proposta de data 10 de decembro de 2007 que, transcrita dí:

“O artigo 34 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público establece aos efectos da negociación colectiva dos funcionarios públicos, constituirase unha Mesa Xeral de Negociación no ámbito da administración Xeral do Estado, así como en cada unha das Comunidades autónomas, Cidadás de Ceuta e Melilla e Entidades Locais.

Por outra banda, o artigo 88 do Estatuto dos Traballadores regula a comisión negociadora establecendo ques e constituirá dun lado polo empresario ou os seus representantes e de outro polos representantes do traballadores.

Considerando necesario proceder á designación expresa dos representantes nos órganos de negociación dos funcionarios e persoal laboral anteriormente citados.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUNTE ACORDO:

Primeiro.- Designar como representantes do Concello na Mesa Xeral de Negociación e na Comisión negociadora aos Sres/as.

Polo Grupo Municipal do PSdeG- PSOE:

Titulares:

D. Antón Lois Noceda Carballo.

D^a Carmen Silvar Canosa.

D^a Amalia García Balado.

Suplente:

D. José Antonio López Rodríguez.

Polo Grupo Municipal do BNG:

Titulares:

D. Manuel Polo Gundin

D. Manuel Pico Sanmartin.

Suplente:

D^a Ines Roca Requeijo.

Polo Grupo Municipal do PP:

Titular:

D^a Rocio Bértoa Puente.

Suplente:

D. Gumersindo Galego Veiga.

Polo Grupo Municipal Mixto:

Titular:

D. Manuel Sánchez Martínez

Segundo.- Designar como Secretaria de ditos organos a D^a Pilar M^a Pastor Novo, Secretaria do Concello. “

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acorda por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión dictaminar favorablemente a proposta que devén en dictame nos termos anteriormente transcritos.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que esta proposta tráese a este Pleno con informe favorable de toda a Comisión; di que por unha parte foi un tema falado con tódolos grupos e sindicatos e que valoraron positivo que estén presentes tódolos grupos municipais ao que se engadirían a participación dos representantes das organizacións sindicais. Continúa o Sr. Noceda Carballo dicindo que consideraron que era algo ampla a anterior mesa de negociación, polo que se reduciu a representación de cada grupo político, mantendo a igualdade na proporción da Comisión; di que de cara a limar os aspectos máis de bulto se realizarán grupos de traballo integrados por ámbalas dúas partes, catro do Concello e catro dos sindicatos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que desde o BNG van a apoiar a proposta e están satisfeitos de que sexa por unanimidade; que para eles é o primeiro exemplo de modelo de xestión, con participación de tódalas partes porque non é o máis habitual en todas as Administracións.

Rematado o debate, pola presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 10 de decembro de 2007, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 10 de decembro de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

7º.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE.

De seguido dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade adoptado en sesión de data 10 de decembro de 2007 que transcrito di:

“DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE.-

Seguidamente dáse conta da proposta de data 10 de decembro de 2007 que, transcrita di:

“ O disposto no artigo 38.1 da Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais, dispón que o Comité de Seguridade e Saúde é o órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos laborais.

Segundo establece o parágrafo segundo do citado precepto legal, constituirase un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas ou centros de traballo que conten con 50 ou máis traballadores, engadendo que o Comité estará formado polos Delegados de Prevención, dunha parte, e polo empresario e/ou representantes en número igual ao dos Delegados de prevención, doutra.

Considerando á vista do exposto, necesario proceder á designación de representantes do concello en dito comité.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACION A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Designar como representantes do Concello no Comité de Seguridade e Saúde aos/ás seguintes Concelleiros/as:

Polo Grupo Municipal do PSdeG- PSOE:

Titulares:

D. Antón Lois Noceda Carballo.

Suplente:

D^a Carmen Silvar Canosa.

Polo Grupo Municipal do BNG:

Titulares:

D^a Ines Roca Requeijo.

Suplente:

Edgar Vigo López.

Polo Grupo Municipal do PP:

Titular:

D. Gumersindo Galego Veiga

Suplente:

D^a Rocio Bértoa Puente.

Segundo.- Establecer un sistema de quendas por semestres, para que todos os grupos políticos teñan representación e participación no Comité de Seguridade e Saúde.

Terceiro.- Que a Presidencia da primeira quenda do Comité de Seguridade e Saúde a ostente un membro por parte da Corporación e dun grupo da oposición . “

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acorda por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión dictaminar favorablemente a proposta que devén en dictame nos termos anteriormente transcritos.”

Aberto o turno de intervencións pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que neste caso tamén foi debatido en comisión, mantendo o principio de abrir vías de representación de toda a corporación xa que é o primeiro tema que lles debe preocupar por igual a todas as formacións políticas; que había uns límites, xa que legalmente só corresponden tres representantes pola parte empresarial, polo que se falou de que as catro forzas políticas se fosen rotando anualmente.

Rematadas as intervencións, pola presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 10 de decembro de 2007, sendo aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 10 de decembro de 2007 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

8º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 883 do 5 de Novembro de 2007 e a número 971 do 5 de Decembro de 2007.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que teñen detectado dúas cuestións: unha que xa o faloron, o baremo de méritos nos procesos selectivos convocados xa que o informe é negativo; outra hai unha resolución da Alcaldía relativa á taxa do cemiterio, na que se aplicou a taxa actual, cando debería ser a anterior.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que dos catro procesos selectivos aos que aludiu o Sr. Galego Feal, o erro estaba en tres e non foi unha cuestión de vontade política senón un erro e que no seu momento tiveron que decidir, e decidiron seguir adiante e asume que en adiante; di que asume que en adiante as porcentaxes deben ser o que marca a Lei e que esa pequena transgresión non limita a transparencia nen a igualdade de oportunidades.

9º.- MOCIÓNS URXENTES.-

Non se presenta ningunha.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que quere facer un rogo, ou incluso unha pregunta: que cren que é urxente o repintado de pasos de peóns.

Continúa o Sr. Galego Feal e di que, verbo das prazas de aparcamento de minusválidos, cre que ningunha das que están pintadas en Fene cumpre coa normativa de aplicación.

Di que outro tema é que na Avda. das Pías, a beirarrúa dos minusválidos está sempre sendo interrompida polos contedores do Concello; que tamén quere saber se chegou ao Concello as conclusións da Xunta de Galicia da análise da Lei 4/2007, de Coordinación de Policías Locais que cre que o Concello debe ter en conta, porque hai puntos cuxa aplicación vai xerar conflictividade; di que outro tema importante é sobre a Lei dos 500 metros e pregunta se os servizos técnicos do Concello teñen elaborado unha lista de onde chega a liña de 500 metros.

Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención dicindo que, dado que nun diario se fala do absentismo laboral dos funcionarios de Fene, deberíase aclarar este tema; pregunta se remataron os traballos do Río Cádavo e si se van a adoptar medidas para solucionar os aparcamentos da piscina; que sería interesante retomar polo Concello o tema do alumado de Nadal, xa que pode conlevar rencillas entre parroquias.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que algunhas das cuestións sinaladas polo Sr. Galego Feal as entende como rogos; que en canto ás preguntas sobre os pasos de peóns respostarán o Sr. José Antonio López Rodríguez e o Sr. Noceda Carballo; que con respecto á Policía Local respostará o Sr. Manolo Pico; sobre a liña dos 500 mts contestará o Sr. Rodríguez Carballeira; sobre o absentismo laboral o Sr. Noceda Carballo, e sobre a limpeza do Río Cádavo o Sr. José Antonio López Rodríguez e sobre o alumado de Nadal o Sr. Polo Gundín.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que con respecto aos pasos e peóns na estrada de Conces, estase en contacto coa Xunta; que respecto aos taxistas, se lles vai permitir facer algo para que poidan dar a volta; que respecto ao Río Cádavo está todo listo e que en canto aos aparcamentos da piscina vanse a ampliar as prazas e os técnicos municipais van facer un croquis.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que pola anterior Corporación se incluía dentro dos programas de cooperación o repintado dos pasos de ceбра, e que comezará a vindeira semana; que no que atinxe á noticia de prensa non fai ningunha valoración sobre o absentismo; este se mide pola inasistencia ao traballo; que eses datos estatísticos é polas baixas médicas dos Concellos, e que os datos que se deron foron eses; que en canto ao sistema de control de acceso, contouse a verdade; hoxe en día hai sistemas máis precisos e obxectivos; que o sistema de sinaturas se leva en determinados servizos e non en outros; que iso non nace porque un día se decidiu contar cousas sen contar coa comisión, só que hai un periodista que está facendo un artigo sobre absentismo, chama ao Concello, pide os datos e se lle facilitan; que non leu o artigo pero si sabe a información que se lle deu á prensa; que dos temas de persoal, hai temas que veñen dados pola idade dos traballadores, por exemplo, no servizo de limpeza, onde hai un absentismo importante.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que se fai unha pregunta quere que se lle conteste, non que se faga demagogia.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que o turno de rogos e preguntas non é de réplicas ou contrarréplicas; que en todo caso, cre que non haberá queixas da oposición de que deixe debater os rogos e preguntas, pero non se debe abusar; que parécelle máis axustado que primeiro se resposten todas as preguntas e logo se volve a preguntar.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que o que aclarou na súa anterior intervención é como se miden as ausencias do posto de traballo; que cando se lles chamou polos medios, e se lles pediron os datos, se lles pediu como forma de medir o absentismo, o número de traballadores que estaban de baixa e iso foi todo; que na comisión falouse do tema de limpeza, se dixo que nalgúns servizos débense solucionar temas, reorganizar servizos, como traballadores que teñen diminucións físicas; que iso foi o que lle dixo ao periodista; que cando se di de cambiar o sistema de control, é porque se trata dun sistema obsoleto porque é absolutamente ineficaz, e que existen sistemas de control de acceso que permiten controlar mellor.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que en relación coa pregunta sobre a lei dos 500 metros, que se trata dunha lei que ten unha vixencia sobre dous anos, que afecta ao Solo Urbano non consolidado; que non ten agora na cabeza a porcentaxe pero que hai varias APES afectadas; que hai unhas

primeiras contradicións no punto onde se toma a medida, por iso hai algunhas APES que están en dúbida, polo que o teñen que aclarar as distintas administracións.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que en canto ao alumeado de Nadal, no mes de outubro fíxose unha reunión co Director Xeral de Comercio onde se lle pediu se subvencionaba o alumeado e dixo que non; que o 16 de novembro houbo unha reunión coas entidades que viñan poñendo o alumeado de Nadal e se lles explicou que de cara a este ano, porque xa non había tempo, se lles comentou que o Concello colaboraría como en anos anteriores e despois de unha semana e pico, tanto as Sociedades de Fene como de Perlio dixeron que non o podían asumir; que el nesa reunión foi claro, que se os comerciantes querían, o Concello colaboraría; que o trece de decembro houbo unha presentación da Federación Galega de Comercio onde se lles dixo que se sufragaría ata o cincuenta por cento; que para o vindeiro ano, tódalas partes teñen asumido que se hai unha cousa ben organizada onde os comerciantes tomen as rendas o Concello tratará de ir a unha colaboración.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que en canto á Lei de coordinación, xa se tivo unha reunión coa propia Policía.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que simplemente preguntaba se chegaran estas condicións porque poden ter unha incidencia importante.

O Sr. Pico Sanmartín di que hai tres anos para esa adaptación.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que quere facer un rogo sobre o Padroado da Radio, pois leva un ano sen reunirse; que hai días se dixo que se empezaba a limpeza de fontes e lavadoiros e pregunta cómo está a cousa; sobre o acordo da EDAR dos tres Concellos que terían que financiar os terreos, que se fala dunha cantidade importante e que a Fene non lle correspondería o 60% e ve que se acerca aos cen millóns de pesetas; di que en relación co traslado do Cuartel da Garda Civil a Neda, cre que o máis importante nestes casos é que se aumente o cadro de persoal da Garda Civil porque segundo eles comentan, á vista do territorio que teñen o número de traballadores son incapaces de cumprilo; e sobre o tema de auga pregunta se houbo algunha reunión con Ferrol ou se avanzou nese aspecto.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que en relación ao Padroado de Radio Fene respostará o Sr. Noceda como responsable municipal, e no tema dos lavadoiros respostará a Sra. Roca Requeijo como responsable deste servizo; que en canto ao tema da EDAR que se vai emprazar en Chanteiro, forma parte do proxecto de depuración integral da ría de Ferrol, que é unha necesidade que todos ven e comparten pois non hai máis que ver como están os bancos marisqueiros das Pías e como está a propia ría; que os Concellos de Ares, Mugardos e Fene están nun proceso de negociación coa Xunta de Galicia para chegar a un acordo para a construción desa depuradora que elimine tódolos vertidos que neste momento estanse a liberar directamente ao mar sen depurar, en San Valentín, en Maniños, Limodre e o colector de Vilar do Colo; que ao final ao acordo que se chega é que a Xunta de Galicia constrúe a obra, asume a Consellería de Medio Ambiente o custo da estación depuradora e os Concellos o que teñen que facer é poñer a disposición da Xunta de Galicia os terreos para a depuradora e para o colector; os terreos en Chanteiro para construír a depuradora e os terreos en toda a costa de Fene e Mugardos, de Fene polas dúas bandas pola ría de Ares e pola ría de Ferrol, na costa de Mugardos e na costa de Ares para construír ese tubo colector que recolla tódolos residuos que actualmente están vertendo directamente

ben ao mar ou ben ao río Cádavo ou a outros cauces que ten o Concello, e o acordo a que se chega por parte dos concellos é que esa obra que é un todo e que vai dar servizo aos tres Concellos, que se financie entre os tres en función do número de habitantes que ten cada un; di que Fene leva a maior parte porque ten caso quince mil habitantes fronte a Ares e Mugardos que están ao entorno dos cinco mil habitantes; que nun primeiro momento falouse sempre que Fene, dese millón de euros que custan os terreos que ten que usar o colector e a depuradora financiaríase o sesenta por cento e que o outro corenta o repartisen Ares e Mugardos, pero ao final, hai dúas semanas houbo unha reunión entre os Alcaldes de Mugardos, Ares e Fene e nesa xuntanza, a solicitude do Concello de Fene, xa que para él era excesivo que Fene asumise o sesenta por cento da obra, chegouse a un reparto máis equitativo que é un cincuenta por cento Fene, e un vintecinco por cento Ares e outro vinte e cinco por cento Mugardos, a pesar de que entre Ares e Mugardos non suman a poboación de Fene; que en canto ao proceso, primeiro era necesario o acordo que xa se produciu, e en segundo lugar era necesario asinar un convenio entre os tres Concellos, cousa que tamén se fixo, convenio que na sinatura se supeditou á súa aprobación por parte deste pleno e de cada pleno dos tres Concellos. Continúa o Sr. Alcalde e manifesta que Ares ten xa tomado o seu acordo, Mugardos tamén e Fene están desde os diferentes departamentos a buscar a mellor fórmula para traelo a pleno e poder logo proceder á expropiación dos terreos para a construción do colector e da EDAR; que se terá que traer a pleno antes de final de ano xunto con outros proxectos que están pendentes e que hai que aprobar antes de que remate o ano.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que sobre o Cuartel da Garda Civil hai dúas cuestións, por unha banda unha demanda dos propios Gardas Cívís que ademáis de solicitar máis efectivos, algo que tamén considera necesario o goberno municipal, hai tamén unha demanda dunhas novas instalacións; que o cuartel é de principios dos anos setenta, que as instalacións están en moi mal estado, as vivendas non teñen calidade suficiente para poder vivir nelas, e ademáis, e que lle preocupa ao Concello, a Casa Cuartel hoxe en día está mal emprazada, está lonxe, nunha situación que para acceder en coche non é a mellor posible, é perigosa, nunha estrada con moito tráfico e con pouca visibilidade; que froito desa demanda do propio corpo de Garda Civil de Fene e dunha preocupación veciñal tamén, hai un contacto del como Alcalde co Subdelegado do Goberno na Coruña para trasladarlle esta proposta; que a Subdelegación do Goberno transmite que para eles tamén é interesante, que queren renovar esta casa cuartel que é das máis vellas que quedan na zona xunto coa de Ferrol e algunha outra, para acercala máis ao pobo e dar mellor servizo aos veciños de Fene e tamén para acercala algo máis a outra zona que cubre, que é Neda que non ten destacamento como tal, e que, en definitiva, hai unha demanda por parte do Concello e boa receptividade por parte da Subdelegación de Goberno; que este tema trátase nunha Xunta de Seguridade do Concello de Neda, e o Concello de Neda fai pública esta noticia que aparece na prensa pero que de momento non hai máis que unha vontade trasladada á Subdelegación do Goberno e unha boa receptividade, pero tanto o alcalde de Neda e máis el quedaron emprazados en verse nas vindeiras semanas para tratar máis en profundidade este asunto, ver onde se podería emprazar o cuartel, ver onde hai terreos, e logo falar coa Subdelegación do Goberno para ver os termos do acordo, se financia todo a Subdelegación, ou se os concellos terían que financiar unha parte; que en definitiva hai un inicio dunha xestión, nada máis.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde dicindo que con respecto ao prezo da auga, as negociacións desde o último pleno co Concello de Ferrol continuaron; que hoxe están mellor do que estaban hai un mes, hai mellores expectativas, hai incluso un principio de acordo entre Ares, Fene, Mugardos e Ferrol para poder fixar o prezo da auga pero ten que ser ratificado definitivamente, ten que ser estudado polo consello de administración de Emafesa

e tamén de Emalsa que é a empresa de augas do Concello de Narón; que espera que antes de final de ano se poida xa rubricar o acordo definitivo e o que parece que non se vai ter que facer fronte é a unha suba importante para o vindeiro ano como esperaban que se ía duplicar o prezo da auga; que previsiblemente subirá algo pero en principio parece ser que é pouco e estase tendendo máis á postura que o Concello de Fene mantiña en principio, que era normalizar o prezo pero ao longo de varios anos para non cargar nos petos dos veciños e veciñas da comarca o déficit que poida ter Ferrol no servizo de auga; que espera que antes do vindeiro pleno ordinario se poida chegar a un acordo que será comunicado aos grupos políticos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que no tema do padroado é un dos temas pendentes de constituír; que tamén lles preocupa o tema da Radio en canto a optimizar ese servizo e que se siga afondando en que cada vez sexa máis un servizo posto a disposición da cidadanía e que nese senso hai unha asignatura pendente, xa que teñen que convocalo o máis axiña posible; di que recolle o rogo e espera que antes do vindeiro pleno teñan encamiñadas as xestións para empezar a convocalo e que se empece a estudar os resultados que se tiveron ata agora. Continúa dicindo que en canto á noticia aparecida na prensa, recolle o sentido do rogo e agradece o ton no que se formula pero que en todo caso reitera que o que se facilitou á prensa foron os datos obxectivos de baixas nese día no Concello e tendo en conta un pouco a media dos últimos tempos e que o tema da entrada non é por ningún control maior ou menor, senón porque o sistema que hai facilita a información que facilita e que un sistema informatizado permite un nivel de información en canto a datos, detectar anomalías en servizos, etc., e facilita estatísticas no momento, moi por enriba de curiosidade do que fai cada un, senón que facilita estatísticas do servizo e de por onde se pode reorientar a xestión de persoal; que o que se lle trasladou á prensa é que estanse a estudar sistemas alternativos ao que hai agora mesmo e que cando crean que atopen unha situación máis axeitada o pasarán por Comisión para comentalo e que non consideran que tivera a transcendencia que comentan; que si se comenta é porque nalgún sector de persoal tivo que haber algunha susceptibilidade e nesa mesma medida tratarán de ser máis prudentes nos datos que se están a dar, pero que quere recalcar que, en calquera caso, os datos facilitados son datos obxectivos do servizo, non se entrou a valorar cuestións que xa son subxectivas, senón unicamente baixas sen máis matización.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta que no referente ao tema das fontes e lavadoiros, como se dixo na comisión, tomouse a decisión de facer os traballos; que xa están a rematar os traballos na parroquia de Magalofes e están pendentes de pintar por fóra algúns lavadoiros porque debido ao mal tempo non se puido pintar, así como que está previsto a semana que ven empezar na parroquia de Sillobre.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e vinte e sete minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.